

O xoves, 17 de xuño, ratificamos o acordo de Convenio Colectivo de Comercio Alimentación de Ourense, asinado por **CCOO** conxuntamente coa maioría da representación sindical.

Os datos fundamentais do acordo son os seguintes:

- **VIXENCIA**, 2021-2024.
- **REDUCE A XORNADA LABORAL** a 1812 horas ao ano, equiparándoa, por fin, ao resto de convenios provinciais sectoriais de comercio alimentación.
- **CONSEGUE ANTICIPAR O PECHE** dos días 24 e 31 de decembro ás 19:00 horas.
- **INDÍCASE COMO DATA MÁXIMA DE ENTREGA DOS CALENDARIOS DE VACACIÓNS** o 31 de xaneiro, mellorando a planificación con respecto á data tope anterior do 31 de marzo.
- **MELLÓRASE A LICENZA DO ARTIGO 7.2** que agora, para falecementos e enfermidade grave de descendentes ou cónxuxe, só contará os días laborables.
- **INCORPORA UNHA NOVA LICENZA RETRIBUÍDA** para acudir ao exame do carné de conducir.
- **INCORPÓRASE UN NOVO ARTIGO DE DESCONEXIÓN DIXITAL** para controlar e evitar o exceso de chamadas e mensaxes ao persoal fóra da súa xornada laboral.
- **CANTO AOS INCREMENTOS ECONÓMICOS**, non só superan os que conseguimos na negociación anterior, senón que o fan nun importe mensual notablemente superior aos asinados máis recentemente en convenios de alimentación doutras provincias (Pontevedra, A Coruña) e tamén nunha porcentaxe superior á media de convenios doutros sectores estatais e autonómicos:
 - ✓ **Ano 2021:** 25 €/mes
 - ✓ **Ano 2022:** 27 €/mes
 - ✓ **Ano 2023:** 30 €/mes
 - ✓ **Ano 2024:** 30 €/mes

Estas cantidades supoñen para a maioría do persoal encadrado no grupo III B uns incrementos do 2,58 %, 2,72 %, 2,94 % e 2,86 % para cada un dos anos de vixencia.

Deixa o salario anual para o grupo máis baixo, o grupo IV, en 14 489,55 €/ano no 2021 e en 15 794,55 €/ano ao remate da vixencia, moi por riba dos 13 300 €/ano do actual salario mínimo interprofesional.

Con respecto á maioría do cadro de persoal, encadrado no grupo III B, o salario anual para o 2021 sería de 14 893,50 €/ano e de 16 198,50 €/ano ao remate da vixencia.

<https://www.facebook.com/ServizosCCOO>

<https://twitter.com/servizosccoo>